

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE AMES.

EXPEDIENTE:2019/G003/001418

ANTECEDENTES:

O día 17 de xaneiro de 2019 finalizou o prazo de presentación de instancias establecido no apartado 4º das Bases polas que se rexe a convocatoria do proceso selectivo, para a creación dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón da escola municipal de música do Concello de Ames.

Unha vez examinadas as instancias presentadas de acordo co establecido no apartado 6º das mencionadas bases aprobadas por Decreto da Alcaldía 3006/2018, de 28 de decembro, e anunciadas no BOP núm. 2, de 3 de xaneiro de 2019 e anunciadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames procede resolver que aspirantes aparecerán como admitidos e excluídos na lista provisional de admitidos e excluídos, ou na definitiva de admitidos no caso de que non haxa ningún excluído.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Ao non existir aspirantes excluídos, e tal e como establece o apartado 6 das bases, aprobase a lista definitiva de aspirantes, declarando admitidos aos aspirantes que figuran no anexo I desta resolución

Segundo.- Publicar a composición do Tribunal que xulgará as probas, e que queda como segue:

Presidente:

Titular: Xosé Carlos Seráns Olveira, xerente da banda municipal de música de Santiago de Compostela

Suplente: Xosé Luis Quintás Carreira, director do conservatorio profesional de música de Santiago

Secretario/a:

Titular: Marcelino Portals Coto, arquitecto técnico do Concello de Ames

Suplente: María Gamundi Fernández, técnico de obras do Concello de Ames

Vocais:

Titular: Aida Margarita López Carrera, profesora de canto do Conservatorio profesional de música de Santiago

Suplente: Fernando Rei Maio, profesor de trompeta do Conservatorio profesional de música de Santiago

Titular: Alejandro Cimadevila Louzao, profesor de saxofón do Conservatorio profesional de música de Santiago

Suplente: Marta Fernández Pan, profesora de violín do Conservatorio profesional de música de Santiago

Titular: Antonio Marínez-Risco Ulloa, profesor de percusión do Conservatorio profesional de música de Santiago

Suplente: Xosé Rodríguez Ramos, profesor de trompeta do Conservatorio profesional de música de Santiago

Persoal colaborador: Rosa I. García Agrelo, empregada adscrita ao servizo de RR.HH do Concello de Ames.

Terceiro.- Fixación da data da sesión de constitución do Tribunal e realización da fase de baremación:

Fíxase a data para a sesión constitución do Tribunal para o vindeiro **28 de maio de 2019**, ás 10:30 horas, no salón de Plenos do Concello, en Bertamiráns. Nesa mesma data, e unha vez constituído o Tribunal realizarase a fase de baremación do proceso.

Cuarto.- Publicar os sucesivos anuncios relativos ao procedemento selectivo na páxina web e no taboleiro da sede electrónica do Concello de Ames, tal e como se establece no apartado 8 das bases que rexen o procedemento.

Quinto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada

QueipoANEXO I

| ADMITIDOS | |
|--------------------------|------------|
| Cotado Rodríguez, Adrián | ...2650... |
| Méndez Arias, Sara | 3427.... |

| EXCLUÍDOS | |
|------------------|--|
|------------------|--|

Ningún